



XUNTA
DE GALICIA






BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

CONFERENCIANTES

CURSO 2025/26

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA





Montse Pena Presas

Montse Pena Presas é profesora da Área de Didáctica da Lingua e da Literatura na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciada en Filoloxía Galega (USC) e Máster en Edición (USAL), en 2016 doutorouse pola USC coa tese *Feminismo, xénero e coeducación na literatura infantil e xuvenil: historia crítica e aplicación didáctica*.


A súa investigación está moi centrada na literatura infantil e xuvenil contemporánea, cun foco específico na educación literaria e nos estudos de xénero. Así, ten publicadas dúas monografías sobre esta cuestión: a biografía de María Victoria Moreno, *A voz insurrecta* (2018), e *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia* (2018).

Desde 2021, forma parte dos proxectos de investigación arredor dos libros ilustrados de non ficción financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación e liderados por Rosa Taberner, polo que os seus últimos traballos se orientan cara a este ámbito.

Como crítica literaria, colaborou durante varios anos en distintos medios, como o Faro da Cultura do *Faro de Vigo*, *Nós Diario* ou o Diario Cultural da Radio Galega. En 2022 comisariou a exposición *Unha árbore de historias: cen anos de literatura infantil galega*, organizada pola Biblioteca de Galicia.

Construír a colección na biblioteca escolar nun contexto cambiante

O relatorio explorará as claves para manter unha colección actualizada, atractiva e acorde ás necesidades da biblioteca escolar do século XXI. Así, comezará propoñendo unha revisión da figura da mediadora e das súas funcións e continuará afondando en diferentes criterios de selección de obras, como un dos grandes retos que temos que afrontar como docentes e responsables da biblioteca escolar. Para finalizar, proporase unha escolla que parta da lingua galega e que permita combinar varios dos criterios expostos e responder ao reto de manter unha biblioteca viva e conectada co contexto.



Amelia Mañá Lloria

Amelia Mañá Lloria é profesora titular no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación e investigadora na Estrutura de Investigación Interdisciplinar sobre a Lectura (ERI-Lectura) da Universitat de València.

A súa formación académica inclúe os títulos de licenciada e doutora en Psicoloxía e Psicopedagogía pola Universitat de València. Desde 2012 imparte docencia nos Graos en Mestre e Mestra en Educación Infantil e Primaria e no Máster en Educación Especial.


A súa investigación centrouse principalmente no estudo de procesos cognitivos e metacognitivos implicados na lectura, prestando especial atención aos procesos de autorregulación e motivacionais que afectan o proceso de comprensión e a aprendizaxe a partir de información textual. Participou en numerosos proxectos competitivos relacionados tanto coa análise de procesos coma coa súa avaliación e intervención co alumnado de educación primaria e secundaria. Actualmente a súa investigación céntrase no estudo e promoción da competencia lectora dixital.

A competencia lectora na era dixital: procesos e estratexias

Con esta conferencia preténdese activar un proceso de reflexión sobre os desafíos e oportunidades que expoñen os novos contextos de lectura na sociedade actual. Partindo dunha visión integral da competencia lectora, abordarase como os cambios tecnolóxicos e a multiplicidade de formatos transforman as formas de acceder, procesar e comprender a información.

Pártese da premisa de que a competencia lectora constitúe unha habilidade complexa, estreitamente vinculada á construción do coñecemento, ao pensamento crítico e á participación cidadá na sociedade do século XXI. Así, abordarase como as contornas dixitais afectan as formas de interacción cos textos, os modos de procesar a información e as estratexias de regulación da lectura. De igual maneira, reflexionarase sobre o papel das bibliotecas escolares como espazos pedagóxicos estratéxicos que poden contribuír ao desenvolvemento de lectores críticos e autónomos, capaces de integrar diferentes alfabetizacións.

En resumo, o obxectivo último é ofrecer unha visión sintética e fundamentada sobre os retos actuais da lectura e as estratexias de intervención educativa máis eficaces nunha época de transición dixital.



XORNADA DE
**BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA**

CURSO 2025/26



Cibrán Rico López e Suso Vázquez Gómez

Cibrán Rico López (Boimorto, 1978) e **Suso Vázquez Gómez** (Vigo, 1978) forman Desescribir, un estudio que desenvolve —cun enfoque integral— proxectos editoriais, estratéxicos e de identidade de marca.

No 2012 fundan Fabulatorio, unha editorial onde experimentar nas capacidades que ten o libro como obxecto para comunicar significados.

Os seus traballos foron galardoados nos Premios LAUS do ADG-FAD, nos D&AD de Londres, nos Tokyo TDC, no Festival de PhotoEspaña ou na Feira internacional do libro infantil de Boloña.

Son profesores asociados na Facultade de Deseño do Campus de Pontevedra.

Desescribir/Fabulatorio. Libros: diseño e edición

A conferencia abordará, a través da mostra do proceso de creación, o traballo que Desescribir levou a cabo para o deseño do cartel de Bibliotecas Escolares do ano académico 2025/2026. Con este traballo pretendeuse amosar a un público infantoxuvenil algúns dos principais valores do deseño: a capacidade para crear sistemas, a escalabilidade, crear en base a ideas ou conceptos e mais a experimentación.

O relatorio incluírá tamén a presentación do proxecto editorial de Fabulatorio poñendo o foco nos últimos títulos publicados: *A Galicia deseñada*, *Eu non canto por cantar*, *Números* e *ABCSeoane*.



XUNTA
DE GALICIA